

eMe eSe eNe

Antonio Reigosa

Eu estaba na cociña aquelando a cea mentres coa outra man lle pasaba o ferro á roupa, e áinda me quedaba útil algunha extremidade invisible para ir adiantando o xantar do día seguinte. O meu marido estaba onda case sempre; na sala, vendo sen pestanezar, case sen respirar, un partidazo da *Champions Ligue* entre, creo, o Cuspedriños C. F. e mailo Salivaditos F. C.

A nena, a nosa filla, 10 aniños tiña entón, estaba matando o tempo que lle quedaba libre *chateando* coas amigas polo *Messenger*, ou iso cría eu.

Cando tiven a mesa disposta para a cea, chameina:

—Alba! Albiña! Corre cear, que logo hai que se deitar para mañá madrugar.

O meu marido xa cearía, en caso de írenlle ben as cousas á súa equipa, cando regresase do outro mundo.

—Alba! Nena! Anda; vén axiña, que imos cear ti e mais eu.

Alba nin respondía, nin sinais de vida daba. Berrei por ela áinda máis forte para canear cos meus gritos os dun locutor histérico que me facía a competencia desde dentro do televisor:

—Uiii! Case foi goool! —berrou o locutor.

E eu respondinlle, dirixíndome ao meu home:

—Anda, vai alí ao cuarto da nena e dile que veña cear; eu non podo deixar de remexer este mollo e váiselle arrefriar o peixe.

O meu marido nin se decatou así que, en canto rematei o prebe, tiven que ir eu buscalo.

Cando entrei no seu cuarto vin o monitor do ordenador acceso pero a nena

non aparecía por ningures. Nin que decir ten que a busquei por toda a casa, de arriba para abaxo, dentro dos armarios, debaixo das camas, nos aseos e demais recunchos posibles e imposibles, visibles e invisibles.

Chamei ao meu home outra vez, o berro foi supersónico, e desta si, desta volta colleu o mando a distancia e tivo o detalle de quitarlle o volume ao televisor.

—A nena non está! —dixenlle eu.

—Como non vai estar, muller? Onde se había meter? —respondeume el, coa galbana do que está sen estar.

—A nena non está na casa!

—A ver, a ver, andas algo estresada estes días e xa supós o que non é. Párate un pouco, muller; asosega e pensa con criterio.

Díxome isto coma se eu nunca fixese o máis mínimo esforzo para pensar con criterio.

Entre os dous revisamos a ver se faltaba roupa, e estaba toda, colocada máis ou menos coma sempre. Os zapatos, tamén estaban; e tamén andaban por alí os libros, a carteira e demais obxectos habituals. Só faltaban un pixama e as zapatillas de cor rosa. E a nena, xa ora!

Daquela lembrei que Alba, sendo máis cativa, gustaba de se agachar e áinda que lle berrases non che respondía ata que lle apetecía. E entón, esmendrellada coa risa, deixábase ver e dicíanos:

—Non me atopaches! Non me atopaches!

Nunca me gustaron esos xogos de Alba.

Foi entón cando sentimos aquel:

—Güigüii!

A pantalla do ordenador abaneouse en

sucesivas ondas, acendeuse unha luz alanraxada intermitente e aquilo, polo visto, o meu home así o dixo, era o sinal da chegada dunha mensaxe. Cliquei alí, no punto exacto onde a luz ía e viña, o cadre alanraxado ocupou toda a pantalla e, entre varias ducias de monicreques de cores diferentes, puiden ler:

Alva, kndo rgrses, chmme!

Só entendín que se dirixían a Alba, supoñendo que a persoa que emitise a mensaxe, había ser alguén da súa idade, áinda non estivese docta en asuntos ortográficos; mais o resto do texto, que podería significar? Non o souben ata que mo explicou Alba uns días despois.

Outro güigüii! chamou a nosa atención. Abrimos clicándolle enriba e lemos: *Inda trdo un anko, stse my bn pr kí!*

Non me preguntedes por que o souben, se cadra o instinto de nai preocupada ou eu que sei, pero, estaba certa, a miña filla andaba por dentro da internet.

—Que toleadas che quentan a cabeza —dixo o meu home— Como vai andar a nena navegando por dentro de internet, muller? Ti pensas que cando se di navegar por internet é liter...!

—Cala! Ti que saberás! Hai cousas que non estou disposta a discutir agora! Vale!

Toma esa!, pensei, sen ter tempo a máis requilorios mentais. O problema era outro:

—Como facemos para sacar a nena de aí dentro?

—Chamándoa —dixo o meu home.

Cando eu era unha nena duns 6 ou 7 anos a miña irmá pequena desaparecera da casa. Era un día outonal cun vento bravo e frío que non esquecerei. Buscá-



RIKI BLANCO.

mola por todas partes pero case todos coincidían en que ben puidera ter caído no pozo da casa, unha buraca fonda, moi fonda, do que subir o caldeiro cheo de auga xa levaba case tres minutos, ou máis. Lembro que non berramos por ela, que o papá baixou polo pozo abajo metido dentro do caldeiro mentres outros homes ían soltando corda pouco a pouco. No outono a auga do fondo do pozo non é moita e así que, se hai sorte, ainda poderemos chegar a tempo, dixo meu pai. Para alumarse levou un fachuco grande de palla que, ademais de alumar, había servir para detectar a merma de osíxeno e de aviso aos tiradores se había que subir o caldeiro de urxencia.

Foi vírseme á cabeza aquilo do pozo e da miña irmá, e ter a ocorrencia que me serviu para rescatar a Alba. Escribín o seu nome no teclado, cliquei en intro e:

—Muller —dixo desta o meu mariño— Do ordenador hai que saír por algúñ lado. Acende a impresora, pon un disco regravable na gravadora...; eu que sei. Fai algo!

Acendín a impresora e repetín a mes-

ma operación. Deletrrei A-l-b-a no teclado, pulsei ntro e, oh milagre, a impresora reaccionou.

Tomou un folio e púxose a imprimir un debuxo no que se ía vendo a figura dunha nena igualiña á nosa Alba: regor-decha, loira de pelo, vestida co pixama que faltaba e as zapatillas de cor rosa que lle regalara a avoa polo seu santo.

Cando se acabou de imprimir a figura era, como había ser, plana e inmóbil, queda. Foi o meu home, coma sempre, o que tivo a ocorrencia:

—Muller, colle o papel e méxeo para que colla volume.

Collín o folio e acaneeino, e, efectivamente, a figura da nena tomou corpo ata facerse Alba tal como era na realidade antes daquela aventura.

Despois, xa más tranquilas, Alba foi-me contando durante a cea a marabillosa viaxe que fixera por dentro da internet. Déralle tempo a tantas cousas: a unha conversa sobre mentiras con Gepetto e con Pinoccio, a pedirlle un autógrafo a Harry Potter, a mercar a carapucha de...

—Mamá, haber hai de todo, e merece moito a pena. Se te decides, pódeme acompañar un día para que vexas como é.

—E se non tivesemos o quite de acender a impresora, que sería de ti?

—Pois supoño que regresaría a través dun e-mail ou de calquera documento cun formato PDF ou Word. Quen sabe! Alguén, algún día, tería que decatarse de como se me podía rescatar.

A miña irmá, a pequena, afortunadamente para ela, non caera no pozo. Decidira ir á escola canda nós, mais, como non sabía cal era o camiño, estraviarase no medio dun bosque próximo á nosa casa. Cando a atoparon a noite envurillábaa e o frío apenas lle deixaba andar pero, dixerón os que primeiro a viron, parecía contenta.

Mentres escribo esta historia a miña filla está viaxando, como acostuma un par de veces á semana, por internet. Mágoa que o meu home non se decate da cantidade de partidos de fútbol que perde por non perderse en internet.

Onete avariou a impresora e...